

Expediente núm.: 4365/2024

Resolución con número e data establecidos á marxe

Procedemento: CONVOCATORIA SUBVENCIONS CONCORRENCIA DEPORTES 2024

Data de iniciación: 26/09/2024

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

VISTO que polo Pleno do Concello foi aprobada a Ordenanza reguladora de subvencións do Concello de Ribadeo, en cumprimento do establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e tamén se recolle unha regulación das subvencións nos artigos 54 a 58 das base de execución do orzamento, que deben funcionar, en aplicación do artigo 17.2 da Lei Xeral de Subvencións como bases reguladoras das axudas que conceda o concello.

CONSIDERANDO que o artigo 10 da Ordenanza Xeral de Subvencións establece que se aprobarán as bases de concesión de subvencións, e a convocatoria coas bases en extracto serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

VISTAS as “BASES QUE REXERÁN, NO PROCEDEMENTO DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS E CLUBS DO TERMO MUNICIPAL DE RIBADEO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS NA ANUALIDADE 2024 E CONVOCATORIA DAS MESMAS”, que figuran no expediente asinadas por esta Alcaldía de data 26/09/2024

VISTO o informe emitido polo servizo afectado de data 26/09/2024 xustificando a convocatoria das presentes axudas

Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade co establecido no artigo 20 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e no artigo 10 da Ordenanza Xeral de subvencións do Concello de Ribadeo,

RESOLVO

PROPOSTA DE BASES QUE REXERÁN, NO PROCEDEMENTO DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS E CLUBS DO TERMO MUNICIPAL DE RIBADEO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS NA ANUALIDADE 2024 E CONVOCATORIA DAS MESMAS.

1.- DEFINICIÓN DO OBXECTO DA SUBVENCIÓN

Constitúe o obxecto desta convocatoria a regulación do procedemento aplicable para o outorgamento de subvencións en réxime de concorrència competitiva destinadas a entidades asociativas e clubs do termo municipal de Ribadeo para a realización de actividades deportivas na anualidade de 2024. A efectos destas bases entenderanse como entidades asociativas tamén os deportistas persoas físicas que compitan ou participen en actividades ou competicións deportivas de carácter individual.

A.- Categoría de axudas á actividade Deportiva/Competitiva.

Axudas destinadas a entidades deportivas do termo municipal de Ribadeo que desenvolvan actividades deportivas de carácter permanente que participan en competicións xa sexan federadas ou non, torneos ou eventos populares cuxa repercusión incida na promoción e na formación deportiva, con especial incidencia sobre a poboación escolar, maiores, poboación diversa e muller.

O orzamento financiable componse dos seguintes gastos subvencionables:

- Gastos de publicidade (cartelería encontro)



- Gastos de desprazamento.
- Gastos de licencias federativas e canóns.
- Gastos de arbitaxes.
- Gastos de vestimenta deportiva.
- Gastos de material deportivo.
- Gastos de persoal
- Gastos de material didáctico – deportivo.
- Primas de seguros.
- Así como outros gastos de natureza corrente de características similares aos citados que estean directamente relacionados e sexan de xeito indubidable imprescindibles para o cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención, e que se teñan realizado en todo caso no exercicio 2024.

Non serán obxecto de subvención os investimentos reais, os gastos de mantemento ordinario (luz, auga, teléfono, limpeza, etc.), sancións, gastos de aloxamento, hostalería, comidas e restauración, os gastos xerais da entidade (adquisición de material de oficina, informática ou similar) nin os gastos que non estean directamente vinculados á actividade realizada ou que carezan da natureza propia desa actividade.

Os gastos de transporte serán subvencionables, primeiro, no caso de ter contratado a un terceiro (coche alugueiro, autocar, etc.) até o importe total soportado pola entidade; ou segundo, cando tendo vehículo propio da entidade, os gastos de combustible que este orixine e que estean directamente relacionados coa actividade e sexan indispensables para a adecuada execución da mesma até un importe máximo que non supere o 30% do custo total da actuación.

Os gastos de persoal deberán acreditarse mediante nóminas, IRPF e seguridade social ou no seu caso, con respectiva factura relativa aos servizos prestados por terceiro, á entidade ou club beneficiario.

En todo caso, os gastos financiados indicados anteriormente e que deberán reflectirse no respectivo orzamento de solicitude deberanse cinxir aos gastos directa e estritamente necesarios para o desenvolvemento e execución da actividade deportiva para a que se solicita a axuda e inequivocamente relacionados con ela.

Estas axudas van dirixidas a entidades/clubs que non perciben subvención nominativa.

B.- Categoría de axudas para a organización de eventos deportivos.

Axudas destinadas a entidades deportivas do termo municipal de Ribadeo que desenvolvan eventos deportivos de carácter puntual na localidade e cuxa repercusión incida na promoción e a formación deportiva e con especial incidencia no deporte recreativo, deporte saúde, deporte autóctono e tradicional, deporte feminino e deporte adaptado.

O orzamento financiable está composto polos seguintes gastos subvencionables:

- Gastos de recursos materiais.
- Gastos de persoal ou vinculado ao persoal.
- Gastos de funcionamento.
- Gastos de medios e materiais técnicos.
- Primas de seguros.
- Gastos de publicidade (Cartelería evento)
- Gastos en premios e agasallos.

Os gastos de persoal deberán acreditarse mediante nóminas, IRPF e seguridade social ou no seu caso, con respectiva factura relativa aos servizos prestados por terceiro, á entidade ou club beneficiario.

Non serán obxecto de subvención os investimentos reais, os gastos de mantemento (luz,



auga, teléfono, limpeza, etc.), gastos de aloxamento, hostalería, comidas e restauración, os gastos xerais da entidade (adquisición de material de oficina, informática ou similar) nin os gastos que non estean directamente vinculados o evento realizado ou que carezan da natureza propia desa actividade.

Non terán a consideración de evento deportivo nin se considerará subvencionable, a organización por parte dun club/entidade deportiva ou delegación deportiva, de competicións regulares tales como ligas ou torneos entre asociados e clubs, que non teñan a consideración de competición federada oficial por parte da correspondente federación.

Non poderán concorrer a estas axudas aqueles eventos que contasen ou conten tradicionalmente coa colaboración avaliable economicamente do Concello de Ribadeo

2.- GASTOS SUBVENCIONABLES

Para os efectos desta convocatoria, enténdese por orzamento financiable o constituído polo custo soportado pola entidade solicitante ou beneficiaria das axudas públicas segundo os gastos subvencionables definidos para cada categoría das finalidades.

As subvencións obxecto desta convocatoria efectuaranse con cargo á partida 2024. 341.489.01 “Deportes. Transferencias correntes” por un importe máximo de 7.900,00 €.

Non serán obxecto de subvención os investimentos reais, os gastos de mantemento ordinario (luz, auga, teléfono, limpeza, etc.), e os gastos que non estean directamente vinculados á actividade realizada ou que carezan da natureza propia desa actividade.

O período que se terá en conta para a realización de actividades será durante o exercicio de 2024, e o tipo de gastos financiados serán estritamente gastos correntes nos que incorran os beneficiarios para o desenvolvemento das súas actividades.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, supere o custo total da actividade a realizar polo beneficiario.

3.- REQUISITOS QUE DEBERÁN REUNIR OS BENEFICIARIOS

Obrigas dos beneficiarios:

- a) Aceptar a subvención. No caso de que os beneficiarios non comuniquen, no prazo máximo de 15 días a partir da notificación da concesión, a renuncia, entenderase que a subvención é aceptada
- b) Realizar a actividade para a que foi concedida a subvención
- c) Acreditar ante o Concello de Ribadeo a realización da actividade e cumprir os requisitos e condicións que teñan determinado a concesión da axuda
- d) Someterse ás actuacións de comprobación e facilitar os datos que se lle requiran
- e) Dar conta das modificacións que poidan xurdir na realización do proxecto, xustificándoas adecuadamente
- f) Comunicar, tan pronto como se coñeza, a obtención de subvencións ou axudas para a mesma finalidade
- g) Xustificar adecuadamente a subvención na forma que se prevé nas presentes bases
- h) Acreditar con anterioridade á resolución de concesión que se atopa ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social
- i) Dispor dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos que sexan esixibles segundo a lexislación mercantil e sectorial aplicable ó beneficiario. En todo caso deberán dispor dos xustificantes das contas de gastos e pagos
- j) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control



- k) Identificar convenientemente, para os efectos de difusión pública, as actuacións que se realicen.
- l) Os beneficiarios da subvención determinarán nas actividades realizadas coa subvención a colaboración do Concello de Ribadeo, incluíndo o escudo en todos aqueles soportes que ao uso as entidades utilicen para publicitar a actividade ou adquirir o comportamento subvencionado.



- m) Así mesmo, utilizarán o idioma galego a nivel verbal en todos aqueles actos do plan de comunicación da actividade ou comportamento.
- n) O tratamento tipográfico das entidades colaborativas e dos seus logos ou anagramas será de idéntico tamaño.

Poderán acollerse a estas bases aquelas entidades deportivas que no momento da convocatoria o soliciten de acordo co establecido nestas, tendo consideración de beneficiario da subvención a entidade destinataria dos fondos públicos para a actividade ou acción que dentro da finalidade das bases, se atope na situación que llexítima a súa concesión.

En xeral, poderán solicitar subvencións ao amparo destas bases as entidades, clubs e asociacións de carácter deportivo do termo municipal de Ribadeo legalmente constituídas e adaptadas á normativa vixente, que carezan de finalidade de lucro e que desenvolvan a actividade no ámbito territorial do municipio, sempre que as accións que desenvolvan cumpran o obxecto destas bases dentro do marco de cada categoría:

* Poderán solicitar axudas para as accións ou actividades ás que fai referencia o punto A das finalidades (actividade Deportiva/Competitiva) todos aqueles clubs, asociacións ou agrupacións deportivas do termo municipal de Ribadeo que desenvolvan actividades deportivas **CARÁCTER PERMANENTE (duración entre 5 e 12 meses**, cunha intervención extensiva de carácter semanal), que participan en competicións xa sexan federadas ou non, torneos ou eventos populares cuxa repercusión incida na promoción e na formación deportiva, con especial incidencia sobre a poboación escolar, maiores, poboación diversa e muller, agás as competicións en deporte escolar financiadas pola Xunta, e cuxa finalidade é axudar a sufragar os gastos de Axudas de custo, de publicidade, desprazamentos, licencias federativas e canóns, arbitrxes, vestimenta e material deportivo, de persoal, material didáctico – deportivo, primas de seguros. Así como outros gastos de natureza corrente de características similares aos citados que estean directamente relacionados e sexan de xeito indubidable imprescindibles para o cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención, e que se teñan realizado en todo caso no exercicio 2024.

* Poderán solicitar axudas para as accións ou actividades que fai referencia o punto B das finalidades (organización de eventos deportivos) todos aqueles clubs, asociacións ou agrupacións deportivas do termo municipal de Ribadeo que desenvolvan eventos deportivos de **CARÁCTER PUNTUAL** (duración entre horas a 10 días aprox.) que non contén con outro tipo de colaboración do Concello de Ribadeo cuxa repercusión incida na promoción e na formación deportiva e con especial incidencia no deporte recreativo, deporte saúde, deporte autóctono e tradicional, deporte feminino e deporte adaptado, dentro do termo municipal.

Non poderán obter a condición de beneficiario das subvencións, os que incorran en:

- a) Ser condenadas mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.
- b) Solicitar a declaración de concurso, ser declarados insolventes en calquera procedemento, acharse declarados en concurso, estar suxeitos a intervención xudicial ou ser inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que conclúa o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.



- c) Dar lugar, por causa da que fosen declarados culpables, á resolución firme de calquera contrato celebrado coa administración.
- d) Estar incurso a persoa física, os administradores das sociedades mercantís ou aqueles que exerzan a representación legal doutras persoas xurídicas, nalgún dos supostos da Lei 12 /1995 de 11 de maio, de incompatibilidades dos Membros do Goberno da Nación e dos Altos Cargos da Administración Xeral do Estado, da Lei 53/1984 de 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao Servizo das Administracións Públicas, ou tratarse de calquera dos cargos electivos regulados na Lei Orgánica 5 / 1985 de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral nos termos establecidos nesta ou na normativa autonómica que regule estas materias.
- e) Non acharse ao corrente de pagamento de obrigacións por reintegro de subvencións nos termos que regulamentariamente se determinen.
- f) Non acharse ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias ou fronte á seguridade social impostas polas disposicións vixentes.
- g) Ser sancionado mediante resolución firme coa perda de obter subvencións segundo a Lei Xeral Tributaria.
- h) Non poderán solicitar subvención ao amparo destas bases as entidades que xa teñan concedida unha axuda de concesión directa deste Concello para a mesma actividade.
- i) Non poderán solicitar subvención ao amparo destas bases as entidades que soliciten subvención para unha actividade que xa obtivo unha subvención do Concello de Ribadeo.
- j) Encontrarse nalgún dos supostos que impiden a obtención da condición de beneficiario sinalados no apartado 3. do artigo 13. da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Non existirá a posibilidade de efectuar pagamentos anticipados e aboamentos a conta das subvencións concedidas.

A presentación das solicitudes supón a aceptación incondicional das presentes bases e das condicións, requisitos e obrigas contidas nelas.

A concorrencia ao proceso de concesión de subvencións implicará a manifestación tácita do consentimento inequívoco ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo co previsto na Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro, de Protección de Datos de carácter persoal. A finalidade da recollida e tratamento dos datos persoais será estritamente á xestión e tramitación do expediente correspondente.

4.- CARÁCTER DA SUBVENCIÓN

As subvencións que se concedan segundo as presentes bases terán carácter voluntario e eventual.

A Corporación como medida de garantía a favor dos intereses públicos, poderá revisalas ou, se é o caso, revogalas ou reducilas por causas debidamente xustificadas.

A concesión de subvencións para a anualidade de 2024, non xeran ningún dereito á obtención de subvencións en convocatorias posteriores.

En calquera caso, o Concello de Ribadeo quedará exento de toda responsabilidade civil, mercantil, laboral ou de calquera tipo que se derive das actuacións ás que queden obrigados os beneficiarios das subvencións.

5.- ORZAMENTO

A cantidade destinada para a concesión de “SUBVENCIÓN PARA AXUDAS A ENTIDADES DEPORTIVAS PROMOTORAS DO DEPORTE” do ano 2024, será dun máximo **de sete mil novecentos euros (7.900,00 €)** con cargo á aplicación 341.489.01 do Orzamento Xeral do presente ano 2024.

As subvencións municipais serán incompatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou



recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administracións ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais, agás que a cantidade subvencionada non alcance o orzamento máximo da actividade, acción ou comportamento. Nese caso poderanse compatibilizar ata a contía do devandito orzamento.

A distribución da aplicación nas diversas categorías das finalidades de estas bases quedará constituída en función das necesidades globais da acción subvencionadora do organismo e sempre atendendo ao cumprimento con máxima eficiencia da promoción deportiva no termo municipal de Ribadeo.

6.- AVALIACIÓN DAS SOLICITUDES

O órgano competente para a concesión de subvencións será o Alcalde e por delegación, a Xunta de Goberno Local. Será perceptivo informe previo do servizo de Intervención sobre a existencia de crédito dispoñible, adecuado e suficiente así como como o de fiscalización previa do gasto.

As solicitudes serán estudadas e resoltas pola Alcaldía-Presidencia, trala proposta formulada por unha comisión de Valoración constituída, segundo as previsións do artigo 22 da Lei de Subvencións de Galicia a modo de órgano instructor, da seguinte forma:

PRESIDENTE: O Ilmo. Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Ribadeo ou concelleiro en quen delegue ou o substitúa legalmente.

VOGAIS: Un funcionario técnico da materia segundo a natureza da subvención.

SECRETARIO: Exercerá como secretario da comisión o da Corporación ou funcionario en quen delegue ou o substitúa.

O Presidente da Comisión poderá dispor a presenza doutros membros con funcións de asesoramento.

Corresponde á comisión de valoración formular a proposta de resolución. A proposta, **que non terá carácter vinculante**, deberá expresar o solicitante ou a relación de solicitantes para os que se propón a concesión da subvención, e a súa contía, debendo facer constar – de xeito expreso – a desestimación do resto das solicitudes, se e o caso, segundo os principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.

Seguirase, a estes efectos, o procedemento abreviado do artigo 22 da Lei de Subvencións de Galicia.

Así mesmo, para a concesión das subvencións teranse en conta os seguintes criterios de acordo coas diferentes categorías:

CRITERIOS DE BAREMO PARA A CATEGORÍA DE AXUDAS Á ACTIVIDADE DEPORTIVA/COMPETITIVA

- Modalidade deportiva: Ata 15 puntos (terán maior puntuación o deporte para diminuídos, deporte tradicional, feminino, base, minoritarios e deporte con implantación no rural).
- N ° de licenzas: Ata 30 puntos
- Resultados deportivos: Ata 30 puntos (Tomando como referencia: 1º 30, último 1, e no caso de competir con varios equipos farase a media de todos)
- Grao de consolidación territorial (ponderado en función do territorio no que compita : Ata 15 puntos)
- Grao de dispersión territorial: Ata 30 puntos. (ponderado en función da distancia)
- Historial: Ata 30 puntos. (ponderado segundo o número de anos en competición)
- Carga horaria: Ata 30 puntos
- Poboación á que vai dirixida: Ata 15 puntos
- N ° de participantes: Ata 30 puntos
- Cualificación persoal: Ata 30 puntos



- Grao de consolidación territorial: (En función do destino no que participe) Ata 15 puntos

CRITERIOS DE BAREMO PARA A CATEGORÍA DE AXUDAS PARA A ORGANIZACIÓN DE EVENTOS DEPORTIVOS.

- N ° horas de actividade: Ata 18 puntos
- Dimensión deportiva á que vai dirixida: Ata 30 puntos
- N ° de participantes: Ata 30 puntos
- Cualificación persoal: Ata 30 puntos
- Grao de consolidación territorial: (en función da orixe dos participantes) Ata 30 puntos

A hora de determinar as cantidades finais a conceder, a Comisión de Avaliación poderá utilizar como criterio, entre outros, a suma de tódalas subvencións e outros ingresos recibidas por clubs e asociacións, tanto do Concello como doutras Entidades e aplicala como medida de ponderación, así como a colaboración co Concello nos eventos que este organice.

7.- IMPORTE DA SUBVENCIÓN.

A subvención que o Concello de Ribadeo poderá conceder non excederá, en ningún caso, do establecido na seguinte táboa para cada categoría:

CATEGORÍA MÁXIMO

- Axudas á actividade Deportiva/competitiva.....1.000,00 €
- Axudas á organización de eventos.....1.800,00 €

Tendo o dito importe o carácter de certo, sen referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total da actividade. Conforme ao artigo 32 do Regulamento Xeral de Subvencións, o importe da subvención será unha contía fixa, **polo que a achega do beneficiario deberá cubrir ata o custe total da actividade, que deberá relacionarse no momento da xustificación.** De acordo co establecido no artigo 27 da Lei Xeral de subvencións e no 61 do seu regulamento, a reformulación de solicitudes realizárase de forma automática, de xeito que, se o importe da subvención é inferior ao solicitado polo beneficiario, o orzamento subvencionado será o proporcional da subvención concedida.

O importe das subvencións, en ningún caso poderá ser de tal contía que illadamente ou en concorrencia con outras, de Administracións ou de Entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo da actividade, acción ou comportamento.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións outorgadas por outras Administracións, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais poderán dar lugar á modificación da resolución de concesión. Con carácter xeral e orientativo, o importe da subvención solicitada será entre o 30% e o 75% do orzamento financiable de gastos da actividade.

A Alcaldía-Presidencia só concederá unha axuda a cada actividade para os efectos de que haxa mais dun participante no concurso que solicite axuda para a mesma actividade, nas categorías sinaladas nos puntos A e B do apartado da finalidade ou obxecto, das presentes bases.

Con carácter xeral, ao abeiro do artigo 22 da Lei Xeral de Subvencións, adxudicarase a subvención a todas as solicitudes que cumpran os requisitos regulados nestas bases, rateando o crédito máximo en función da valoración obtida.

8.- AS SOLICITUDES:

As solicitudes de subvención deberán presentarse a través da sede electrónica do Concello de Ribadeo.



O prazo de presentación de solicitudes será de **15 días naturais** a partir do día seguinte á publicación das presentes bases ou o seu extracto nos diarios oficiais correspondentes (BOP de Lugo e/ou DOG). Tomarase como data para inicio do prazo a da última publicación que se realice, en todo caso con **data límite do 20 de Novembro de 2024**.

O procedemento de concesión seguirase conforme ao artigo 22 da Lei de Subvencións de Galicia, con carácter abreviado.

As entidades poderán solicitar as dúas subvencións no marco desta convocatoria. Nese caso, os solicitantes deberán formular dúas solicitudes diferentes, debendo igualmente – a entidade solicitante – priorizar entre elas, establecendo a súa primeira opción.

As solicitudes deben ser subscritas polos peticionarios, acompañándoas daqueles documentos requiridos para cumprir a condición de beneficiario e daqueles outros que conveñan para a definición da axuda solicitada en función das finalidades establecidas nestas bases.

A non presentación da documentación ou omisión de datos de xeito total ou parcial terá como consecuencia a non valoración dos criterios establecidos que non estean suficientemente xustificadas.

OS DOCUMENTOS COMÚNS E NECESARIOS A PRESENTAR COA SOLICITUDE SON:

- Certificación orixinal acreditativa da entidade do acordo de solicitude de subvención ó Concello de Ribadeo e do acordo do nomeamento do representante da entidade para as relacións co Concello de Ribadeo.
- Copia do Documento Nacional de Identidade do representante da entidade.
- Copia compulsada dos estatutos da entidade ou declaración de terse entregado (con indicación da data, servizo e finalidade para as que se presentaron) e de que non sufriron modificacións dende esa entrega.
- Certificación orixinal da entidade onde faga constar o domicilio social actual e os membros da actual xunta directiva.
- Copia do CIF da entidade.
- Documento acreditativo da existencia ou non de solicitudes de subvencións doutras entidades públicas ou privadas, incluída, no seu caso, subvención nominativa deste Concello.
- Certificados de estar o corrente coas obrigas tributarias e coa seguridade social así como Declaración xurada ou responsable de estar coa Facenda Local e autorización para comprobar estes extremos, ou os correspondentes certificados acreditativos.
- Certificación dos datos bancarios do solicitante.
- Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das causas que determina o artigo 13.2 da Lei 38/2003, de 17 de Novembro, Xeral de subvencións.

OUTROS DOCUMENTOS ESPECÍFICOS E NECESARIOS A PRESENTAR COA SOLICITUDE, SEGUNDO A CATEGORÍA DA AXUDA A QUE SE CONCORRE SON:

Para a categoría de axudas á actividade Deportiva/competitiva:

Actividades Federadas:

a) Certificación da federación correspondente, segundo o modelo normalizado de:

- a. Categoría superior da entidade deportiva.
- b. Categorias inferiores con representación.
- c. N^o de licenzas por categoría e total de licenzas.
- d. N^o de equipos por categorías.
- e. Resultados deportivos dos equipos.
- f. Ano no que se empezou a competir

* Se é o caso, acompañarase certificación federativa do ranking federativo dos deportistas da entidade segundo a modalidade deportiva.



* Os resultados deportivos serán de carácter definitivo no momento de expedir a certificación: da tempada rematada no ano 2024 ou no caso de que sexa a primeira tempada en competición, resultados deportivos na data de publicación no BOP da convocatoria.

Esta data só se terá en conta si a tempada non rematase no momento de finalizarse o prazo de presentación de solicitudes.

b) Certificación do secretario da entidade do orzamento financiable de gastos subvencionables da actividade competitiva segundo o modelo normalizado

c) Certificación do cadro resume de quilometraxe e número total de quilómetros realizados pola actividade competitiva expedido polo secretario da entidade segundo o modelo normalizado, acompañando os calendarios de competicións.

Actividades non federadas:

a) Proxecto da actividade programada que debe incluír:

a. Denominación.

b. Descrición xeral.

c. Xustificación (da actividade, características: fundamentalmente a poboación a quen vai dirixida)

d. Destinatarios (número e perfil dos participantes (poboación á que vai dirixida)

e. Localización e cobertura (onde se leva a cabo, de onde son os participantes e n^o de horas de actividade)

f. Obxectivos.

g. Recursos (RRHH: Número e titulación, RRMM (inventario do material, diferenciando material funxible e inventariable, RREE: Recursos propios do proxecto).

h. Plan de comunicación e seguimento de medios.

i. Avaliación dos logros alcanzados.

j. Orzamento de gastos e ingresos por conceptos da actividade.

b) Certificación do Secretario da entidade dos datos da actividade deportiva acompañando o planing horario semanal da actividade deportiva por grupos de participantes.

c) Certificación do secretario da entidade do orzamento financiable de gastos subvencionables da actividade deportiva.

d) No caso de que se pretendan xustificar desprazamentos, certificación do cadro resume de quilometraxe e número total de quilómetros realizados polas actividades deportivas expedido polo secretario da entidade segundo o modelo normalizado, acompañando os calendarios de partidos/torneos/competicións/eventos en que se participe.

Para a categoría de axudas para a organización de eventos deportivos:

a) Proxecto da actividade programada que debe incluír:

a. Denominación.

b. Descrición xeral.

c. Xustificación (do evento, características: fundamentalmente a dimensión deportiva á que vai dirixida (temática ou vertente deportiva principal))

d. Destinatarios (perfil dos destinatarios e n^o de participantes)

e. Localización e cobertura (onde se leva a cabo, de onde son os participantes e n^o de horas de actividade)

f. Obxectivos.

g. Recursos (RRHH: Número e titulación, RRMM inventario do material, diferenciando material funxible e inventariable, RREE: Recursos propios do proxecto)

h. Plan de comunicación e seguimento de medios. (Intencións e feitos)



- i. Avaliación dos logros alcanzados e metas a alcanzar.
 - k. Orzamento de gastos e ingresos por conceptos da actividade.
- b) Certificación do Secretario da entidade dos datos do evento no modelo normalizado.
- c) Certificación do Secretario da entidade do orzamento financiable de gastos subvencionables do evento segundo o modelo normalizado

9.- PRAZOS DE EXECUCIÓN

O prazo máximo de execución da actividade ou comportamento subvencionado será dende o 1 de xaneiro de 2024 ata o 31 de decembro do 2024.

En casos excepcionais, a entidade beneficiaria poderá solicitar unha ampliación do prazo sempre que a actividade, acción ou comportamento a xustificar non conclúese pola propia natureza da mesma, sendo a súa resolución adoptada pola Alcaldía-Presidencia do Concello de Ribadeo, e tendo en conta tamén que a ampliación non exceda da metade deste e sempre que con isto non se prexudiquen dereitos de terceiros.

10.- RESOLUCIÓN E COMUNICACIÓN

A Alcaldía-Presidencia resolverá definitivamente as subvencións. A resolución, ademais de conter o nome do solicitante ou relación de solicitantes aos que se concede a subvención, fará constar, se é o caso, de xeito expreso a desestimación do resto das solicitudes.

Non se concederá ningunha subvención ata que non se xustifiquen axeitadamente subvencións anteriores concedidas polo Concello de Ribadeo.

O prazo máximo para resolver e notificar **(a través da sede electrónica)** a resolución do procedemento non poderá exceder de dous meses. O prazo computarase a partir do día en que remata o prazo establecido na convocatoria para presentalas. O vencemento do prazo máximo sen notificarse a resolución lexitima aos interesados para entender desestimada, por silencio administrativo, a solicitude de concesión da subvención.

As contías e condicións das subvencións poderán ser modificadas no caso de que resulten alteradas as condicións que se tiveron en conta para a súa concesión.

A resolución pon fin á vía administrativa

11.- XUSTIFICACIÓN E ABOAMENTO DAS SUBVENCIONS.

Tendo en conta que a rendición da xustificación constitúe un acto obrigatorio do beneficiario é polo que unha vez finalizada a actividade, acción ou comportamento e no prazo establecido, as entidades beneficiarias das axudas deberán xustificar o cumprimento da finalidade da actividade subvencionada. O incumprimento do prazo dará lugar á perda do dereito a percibir a subvención outorgada.

As xustificacións de aboamento das subvencións presentaranse na sede electrónica do Concello de Ribadeo coa seguinte documentación:

- Memoria de actuación xustificativa e custo total da actuación realizada, sobre o cumprimento das condicións que orixinaron a concesión da subvención, explicitando o nivel de logros acadados..
- Memoria económica xustificativa do custo da actuación realizada, que conterá:
 - 1.- Orzamento de gastos e ingresos da actividade
 - 2.- Relación clasificada dos gastos da actuación subvencionada, con identificación do acredor e documento, importe e data de emisión.
 - 3.- Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou



con eficacia administrativa, que cubran o custe total da actividade en función do orzamento presentado, sendo imprescindible que como mínimo representen a contía de tódalas subvencións e axudas declaradas. As facturas e recibos de pago, deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) O beneficiario deberá figurar obrigatoriamente como destinatario da factura.
- b) Ser orixinais ou copias debidamente compulsadas.
- c) Ter referencia de gastos xerados pola actividade obxecto da subvención.
- d) Deberá expresar con detalle os bens e servizos adquiridos.
- e) Cumprir cos requisitos técnicos esixidos polas leis e regulamentos que establecen as características das facturas e o seu contido, entre outros:
 - Nome, razón social e NIF ou CIF de quen emite a factura.
 - Desglose do IVE ou imposto correspondente; no caso de exención deberá constar expresamente na factura.
 - Nome do beneficiario da subvención (ou no seu caso ó nome do presidente ou representante da agrupación sen personalidade xurídica).
 - Descrición polo miúdo do servizo ou subministro prestado.
 - Número de factura, data de emisión e denominación de “factura”.
- Declaración responsable da entidade de que, a actividade obxecto da subvención ou axuda económica, foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións que motivaron a súa concesión, segundo o modelo normalizado.
- Declaración responsable da entidade dos datos da relación detallada das subvencións ou/e axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou actividade ou, se é o caso, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade, segundo o modelo normalizado.
- Certificados de acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias (Axencia Tributaria Estatal, Facenda autonómica, Servizo de Recadación Provincial, Concello de Ribadeo) ou fronte á Seguridade Social, ou autorización ao concello para a obtención destes.
- Declaración responsable da entidade de non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, segundo o modelo normalizado.
- Certificación bancaria da entidade, expedida por persoa autorizada da entidade bancaria, da conta na que se ingresará – de ser o caso – a correspondente subvención unha vez tramitada a documentación presentada, e na que deberá figurar – como persoa autorizada – o representante ou representantes da entidade. Bastará a expresión do número de conta se a mesma foi acreditada mediante certificación bancaria en anteriores convocatorias.
- Se é o caso, declaración responsable do representante da entidade de que a entidade que representa está asumindo o custo do Imposto sobre o Valor Engadido (IVE), derivado dos gastos subvencionables da actividade, acción ou comportamento para a que solicita subvención, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.
- Xustificación da publicidade do carácter público do financiamento da actividade subvencionada co logotipo aprobado e/ou autorizado polo Concello de Ribadeo

O aboamento da subvención, unha vez aprobada a documentación xustificativa desta, será efectuada mediante transferencia bancaria á conta sinalada polo solicitante. Non se procederá ao seu aboamento se o solicitante non está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social, ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

De terse producido a actuación a subvencionar no momento de publicación das presentes bases, poderanse presentar conxuntamente os documentos de solicitude e xustificación, que serán analizados individualmente na fase procedimental correspondente.

12.- PRAZOS DE XUSTIFICACIÓN.

Unha vez finalizada a acción ou comportamento e no prazo establecido, as entidades beneficiarias das axudas deberán xustificar o cumprimento da finalidade da acción ou comportamento subvencionado.



A rendición da conta xustificativa constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, e a súa presentación realizarase, en calquera caso, ata o **31 de xaneiro de 2025**.

Para os casos establecidos na base 9ª no parágrafo II, este prazo poderá modificarse atendendo á excepcionalidade e motivación que fundamente a modificación do prazo de execución, do xeito que o prazo de xustificación sexa coherente coa resolución adoptada.

Transcorrido este prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o Concello de Ribadeo, pola sede electrónica, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de dez días sexa presentada. A falta de presentación da xustificación neste prazo adicional levará consigo a revogación da subvención.

13.- REDUCIÓNS.

Unha vez recibida a conta xustificativa o servizo correspondente revisará a documentación presentada polos beneficiarios comprobando o cumprimento das condicións que motivaron a resolución da concesión da subvención.

No caso de que o importe da subvención concedida illada ou en concorrencia con outras subvencións outorgadas por outras Administracións ou de Entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo da actividade ou comportamento, procederase a redución da subvención concedida ata que non se supere este custo.

No caso de que o importe dos gastos subvencionables xustificado polo beneficiario non alcance o importe da subvención concedida, reducirase a subvención en función do alcance da propia conta xustificativa.

Nestes casos, as reducións practicaranse de oficio e de xeito automático sen necesidade de iniciar ningún procedemento, previo informe da área de xestión competente.

14.- ACTUACIÓNS DE COMPROBACIÓN

Para os efectos de comprobar a realización da actividade, acción ou comportamento e do cumprimento da finalidade que determine a concesión e goce da subvención, o Concello de Ribadeo poderá realizar actuacións de comprobación cuxo alcance se estima que será do 10% do total de solicitudes concedidas. A selección das solicitudes a comprobar realizarase a través dunha mostra aleatoria segundo o número de rexistro das solicitudes que participaron no concurso.

O período de realización das comprobacións comprenderá os dous anos seguintes a partir do peche de todos os expedientes de conta xustificativa da convocatoria.

Os aspectos fundamentais a comprobar serán:

- A execución efectiva da actividade, acción ou comportamento.
- O cumprimento do obxecto da subvención.
- A conta xustificativa ata o importe da subvención concedida. Os beneficiarios están na obriga de conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control, especialmente, as facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados, na relación clasificada presentada.
- Aqueles datos que pola súa natureza puideran repercutir sobre o proceso de concorrencia competitiva danando dereitos de terceiros.
- Presentan o logo no Cartaz, díptico e roupa

15.- SUPOSTOS DE REINTEGRO



Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuro de mora desde o momento do pago da subvención, na contía legalmente establecida e previa tramitación de expediente, nos supostos do artigo anterior e nos seguintes:

- a) Incumprimento da obriga de xustificación no prazo que se establece.
- b) Obtención da subvención sen reunir os requisitos establecidos.
- c) Incumprimento da finalidade para a que a subvención foi outorgada.
- d) Incumprimento das condicións impostas con motivo da concesión da subvención.
- e) Negativa por parte do beneficiario as actuacións de control establecidas por parte do Concello para comprobar o cumprimento da finalidade da subvención.

16.- INFRACCIÓN E SANCIÓN

En materia de infraccións e sancións estarase ó disposto no Título IV da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

17.- DISPOSICIÓN FINAL.

Corresponderá a Alcaldía- Presidencia a resolución das dúbidas de interpretación das presentes bases e , de se-lo caso, a interpretación dos baleiros de aplicación das mesmas.

No non previsto nas presentes bases estarase ao disposto en:

- a) A Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- b) R. D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de Subvencións.
- c) Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- d) Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Ribadeo
- e) Bases de execución do orzamento e a normativa sobre delegación de competencias e atribucións dos órganos de goberno do Concello vixentes no momento da concesión

Ribadeo, a data de sinatura en 2024

O Alcalde,

Asdo.: Daniel Vega Pérez

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

